

## Índice de confianza do consumidor. Abril 2007.

### COMUNICADO

## Melloran as perspectivas de evolución do desemprego

### Soben os saldos dos dous indicadores resumo da enquisa

O índice de confianza do consumidor (ICC) acada en abril de 2007 un valor de -12,4. Este saldo supón unha mellora de 4,9 puntos con respecto ao saldo do mes pasado e de 8,9 puntos con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Esta mellora é debida ao aumento dos saldos dos catro compoñentes deste índice, principalmente a mellora das perspectivas de evolución do emprego.

O comportamento do índice de sentimento (ISC) en abril de 2007 vai parello ao do ICC pero cunha menor variabilidade que o indicador de confianza, como ocorre en toda a serie; neste mes a subida é de 3,6 puntos con respecto ao mes anterior e de 5,9 puntos con respecto a abril de 2006 . O indicador acada un saldo de -20,0.

### Indicadores resumo


*Unidade: saldo respostas en %*

	ICC	ISC
<b>2006</b>		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
<b>2007</b>		
Xaneiro	-21,7	-27,8
Febreiro	-18,4	-25,4
Marzo	-17,3	-23,6
Abril	-12,4	-20,0

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

### Significativa mellora das perspectivas de evolución do emprego.

No mes de abril de 2007 o saldo referente as perspectivas de evolución do emprego experimenta unha mellora de 12,5 puntos con respecto ao mes de marzo e de 11,4 puntos con respecto ao mes de abril do ano anterior, acadando un valor positivo de 8,9. Dito valor constitúe o saldo máis favorable dende xullo do ano 2004 e o máis favorable de tódolos meses de abril dende que comezou a elaborarse a enquisa. No gráfico seguinte móstrase a evolución deste saldo nos últimos meses.



No que respecta aos prezos, descenden tanto o saldo referente á súa evolución pasada como o saldo referente ás perspectivas de evolución dos mesmos. Destacar o forte descenso deste último saldo, 6,1 puntos con respecto ao mes de marzo e 6,4 puntos con respecto ao mes de abril do 2006.

**Definicións:**

**Índice de confianza do consumidor:** media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

**Índice de sentimento do consumidor:** media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>